

# TEGA PONTECESURES

PROGRAMA ELECTORAL

ELECCIÓN MUNICIPAL 2011



## PRESENTACIÓN

En Terra Galega cremos que un programa electoral ten que ser un contrato cos electores, no que poidan confiar tódolos veciños se a maioría dos electores nos conceden o seu aval. Por iso, non se poderán ler neste programa nin propostas imposibles nin brindis ó sol. Non cremos na política da fantasía, no falar por falar, xa que respetamos a intelixencia e a liberdade dos electores. Non queremos enganar ós cesureños, queremos informarlos do que faremos si nos conceden o seu voto, do que faremos cos seus cartos, cos impostos que todos pagamos para ter un pobo mellor e uns servizos dignos, eficientes e razonables.



Neste programa está o noso traballo, a nosa experiencia, o noso esforzo e porque non dicilo a nosa ambición. Queremos que o noso pobo medre e mellore. Queremos innovar, dar mellores servizos ós veciños, administrar máis eficazmente os fondos públicos. En definitiva, queremos un pobo de primeira división, un pobo orgulloso da súa historia e ambicioso dun futuro cada vez mellor.

De todo iso vai o noso programa, do qué hai que facer e de cómo facelo e de cando se fai. Algúns cren na política fantasiosa, nas varitas mágicas e nas milagres á hora de elaborar un programa. Nós cremos que o verdadeiro progreso é fruto do traballo de todos e que os administradores públicos temos que empeñarnos con honradez e tesón en que o sacrificio dos ciudadáns, que sosteñen co seu esforzo os caudais públicos, non se malgasten en fogos de artificio ou en gastos que ninguén faría se tivese que pagalos do seu bolsillo.

As medidas que aquí propoñemos son a nosa folla de ruta nos vindeiros catro anos. Queremos que cada un dos veciños pense nelas e considere quén as pode levar mellor a cabo. Estamos seguros de que quen o faga daranos o seu voto.

*Pensa en Pontecesures. Xuntos podemos.*

Ángel M. Souto Cordero  
Candidato á Alcaldía de Pontecesures



## PROGRAMA TEGA PONTECESURES

### 1. POLÍTICAS VOLCADAS NAS PERSOAS. O IMPORTANTE ÉS TI.

#### 1.1 Seguridade cidadán.

- A. Incrementaremos os efectivos da Policía Local e ampliaremos a presenza policial nas rúas fora do horario comercial.
- B. Controlaremos o consumo de drogas e alcohol na vía pública.
- C. Dotación de máis medios a Protección Civil.

#### 1.2 Educación.

- A. Crearemos o "Plan Madruga" de oito á nove da mañá para a súa utilización polos escolares fora do horario ordinario.
- B. Dotaremos de máis ordeadores á Biblioteca Municipal.
- C. Elaboraremos un Plan Municipal do Libro e a Lectura.

#### 1.3 Servicios sociais.

- A. Potenciaremos a universalización dos servizos cidadáns de benestar social garantindo a prestación a todo-los demandantes.
- B. Articularemos sistemas de atención de emergencia para as persoas en situación de dependencia.

#### 1.4 Máis protagonismo da familia.

- A. Apostaremos pola conciliación da vida familiar e laboral facilitando o acceso ós recursos a través das becas de gardería e apoio ás familias coidoras de persoas dependentes...

#### 1.5 Protección á infancia.

- A. Garantizaremos a alimentación infantil mediante becas durante o 1º ano de vida en situación de escasos recursos.
- B. Estableceremos un grupo de intervención con menores en situación de risco.
- C. Condicionaremos a concesión de calquer axuda municipal á situación de non absentismo escolar.

#### 1.6 Xóvenes con futuro.

- A. Crearemos unha bolsa de emprego de temporada e fins de semana para xóvenes que queiran obter ingresos mentras estudian.
- B. Crearemos a Oficina Municipal da Vivenda como centro de axuda á busca da primeira vivenda.
- C. Pondremos en marcha unha Web e unha Guía práctica sobre Vivenda.
- D. Crearemos áreas de libre acceso a Internet en todo o pobo.
- E. Ofertaremos Plans de Turismo Xoven a prezos asequibles polo territorio nacional e por Europa.
- F. Apoiaremos con beneficios fiscais as iniciativas empresariais dos xóvenes

#### 1.7 Especial apoio ós nosos maiores.

- A. Construcción dun Centro de día.
- B. Fomentaremos cursos educativos para as persoas maiores.

#### 1.8 Máis oportunidades para as persoas con discapacidade.

- A. Poñeremos en marcha o I Plan de Accesibilidade Local.

# XUNTOS PODEMOS

## O CONCELLO Ó TEU SERVIZO

### 2. ESPAZOS PARA CONVIVIR.

#### 2.1 Medio ambiente.

- A. Implantacion de contedores soterrados e creación dun Punto Límpio.
- B. Pondremos en pleno funcionamento a EDAR e renovaremos e melloraremos a rede de saneamento.
- C. Dotaremos ós parques de aparatos de ximnasia.

#### 2.2 Urbanismo, Vivenda e Infraestructuras.

- A. Elaboraremos un Plan Municipal de Vivenda e Solo.
- B. Modificación do P.X.O.M. e reubicación do Polígono Empresarial.
- C. Asfaltado e dotación de novas aceras nas rúas que o necesiten.
- D. Poñeremos badéns nos Pasos de peóns nas zonas perigosas para o viandante.
- E. Apoio incondicional ó mantemento do Tren de Cercanías.

### 3. INVERTIR EN PROGRESO.

#### 3.1 Emprego

- A. Creación do I Plan Municipal de Emprego.
- B. Realización de Escolas Obradoiro.

#### 3.2 Cultura e Deporte

- A. Proyecto dun Centro Multiusos Lúdico-deportivo (pistas de tenis, padel, fútbol sala, baloncesto, balonmán,...).
- B. Recuperación do Ulla F.C. como equipo de fútbol municipal.
- C. Construcción dun Centro Sociocultural.
- D. Potenciación do Rio Ulla como recurso para o turismo e o comercio.
- E. Potenciaremos as Festas do Concello.

#### 3.3 Turismo e Comercio.

- A. Creación do I Plan de Comunicación e Promoción Turística.
- B. Promocionaremos os produtos e recursos turísticos locais.
- C. Crearemos o “Portal Comercial de Pontecesures” aproveitando as novas tecnoloxías de marketing.
- D. Potenciación do Rio Ulla como recurso para o turismo e o comercio.

### 4. GOBERNAR EN SINTONÍA COS CIDADÁNS.

#### 4.1 Unha xestión eficaz, áxil e moderna

- A. Manteremos actualizada permanentemente a web do concello.
- B. Crearemos un sistema de pagos por Internet.
- C. Crearemos o programa “Pontecesures Dixital”.

#### 4.2 Participación ciudadán.

- A. Apoio incondicional ás Asociacións e fomento do Asociacionismo en todos los sectores (de veciños, culturais, deportivos, ...).
- B. Pondremos a disposición das Asociacións locais para que establezcan a súa sede.
- C. Retransmisión en directo dos plenos do concello vía Internet.
- D. Participación dos cidadáns ó remate dos plenos con rogos e preguntas.



## CANDIDATURA TEGA PONTECESURES

1. Don Ángel M. Souto Codo
2. Don José Luís Jamardo González
3. Don Jorge Janeiro Cortés
4. Dona María Josefa Rial Rodríguez
5. Dona Victoria Belén Sanmarco Dieste
6. Don Cándido Limeres Portas
7. Dona María del Carmen Rodríguez Castrelo
8. Dona María Mercedes Fernández Cordero
9. Don Juan Carlos Mosquera Ferreiro
10. Don Miguel Saavedra Santiago
11. Dona María Carmen Elías Pazos

### SUPLENTES

1. Dona María José Guerra Cortés
2. Don Pablo Silva Valiño
3. Don Fernando García Castro